

A Espada

Dificultade: ● ○ ○ ○ ○ ○

Nº globos: 1, de calquera cor.

Tempo: 1 min.

Figuras previas: ningunha.

Trátase da segunda figura máis sinxela de facer, despois do globo inchado. A súa importancia está en que serve de compoñente en moitas outras figuras. Ademais, permite practicar o xiro máis común na globoflexia.

O acabado final da espada será diferente inflando máis ou menos o globo. Pode servir de xoguete, para facer unha chea de incruentos combates de espadas.




REALIZACIÓN



Inflamos o globo de todo ou, como neste caso, deixando catro dedos na punta sen aire.



Dobramos en forma de "S", deixando un pouco máis longo o tramo da punta.



Apretando no medio do "S", dámoslle medio xiro con cada man en sentido contrario. Deste xeito, queda preso o mango da espada.



Colocamos o mango e o gume da espada de xeito que fiquen ben rectos. Aquí vemos o acabado final. Se inflamos de todo a punta o acabado tamen sería válido.